# CASTRO DE NEIXÓN

**Castro:** Castro de Neixón
**Localidade:** Boiro (A Coruña)
**Data escavación:** 1920-2008

**Localización:**
Atópase en Boiro (A Coruña), nun promontorio que sobresae á ría: Punta Neixón.
Son dous poboados contiguos: Castro Pequeno e Castro Grande.




16



**Algunha característica especial:**
Na entrada ao lugar instalouse o Centro Arqueolóxico do Barbanza.
En maio de 2011 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia.

**Descrición do castro:**
O Castro Pequeno é o máis antigo e o que ten restos arquitectónicos máis importantes, representados por varias casas de pedra de planta circular.
O Castro Grande posúe unhas monumentais defensas, un foxo de máis de tres metros de profundidade e un parapeto de terra que separa os castros do resto do promontorio marítimo.



17